

Ciclo de conferencias sobre T.I.C. no ámbito da Enxeñería Técnica Industrial

Conferencia 11ª - 22 de setembro

“Os portais empresariais en enxeñería”

Estimado/a compañeiro/a:

Darase unha introducción a cómo se consegue o desenvolvemento dun portal empresarial de forma rápida e con calidade. Definiranse os procesos organizativos necesarios e as consideracións tecnolóxicas a ter en conta, a análise das funcións que realmente necesita a empresa así como a súa facilidade de desenvolvemento. Salientaranse as consideracións relativas ao deseño do portal e o software necesario enfocado á consecución dun valor engadido que permita verdadeiros beneficios no momento de utilizar o portal empresarial de xeito que sexa un instrumento potente e importante que axuda a deseñar os procesos internos máis eficientes e optimizar as accións da empresa cara a fóra.

Destacaranse as funcionalidades e resultados máis útiles que debe ofrecer un portal empresarial: facilitación rápida e optimizada de información relevante baixo unha interfaz única, optimización dos procesos e fluxos laborais, integración de novos servizos ou aplicacións, integración de aplicacións existentes e probados, acceso ilimitado a toda a información e todos os servizos necesarios a través de Internet e un navegador estándar, enlace de información de diferentes fontes e redución do caos que existe en moitas empresas na manipulación, almacenamento, facilitación, transferencia e publicación de coñecementos e informacións. Daranse referencias e orientación sobre aplicacións de software libre aplicables neste ámbito.

- Relator:** D. Manuel José Cruces Vergara (Ver no dorso)
Data e horario: 22 de setembro de 2011, de 18:00 a 22:00 horas.
Lugar: Salón de Actos de COITIVIGO.
Nº de Prazas: Aforo do Salón de Actos.
Cuota: Gratuita, previa inscrición.
Cofinanciado por:



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REGIONAL
“Unión rexional do factor Europa”



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Modernización
e Innovación Tecnolóxica

Contidos: (Ver no dorso)

Inscrición: A través da Web de COITIVIGO
(<http://www.coitivigo.es>), na súa páxina de inicio ---->

Documentación: No mesmo apartado da Web disporase dun acceso específico para utilización neste actividade. Nesta Web os participantes terán á súa disposición a información relativa á conferencia e a documentación para o seu seguimento.

Nota: A asignación de prazas realizarase por rigorosa orde de inscrición e aos seleccionados comunicáraselles por e-mail a dispoñibilidade de praza. Se a demanda o xustificase, trataríase de trasladar esta conferencia a outra localización, o cal comunicariase oportunamente.



A data límite para a recepción das inscricións remata o Martes, 20 de setembro.



José Manuel Jardón Quelle
Poñente de Formación



BREVE CURRÍCULUM VITAE DO RELATOR:

Enxeñeiro Superior en Informática. Universidade Europea de Madrid.

Participou no deseño, desenvolvemento e mantemento evolutivo de diferentes portais web para a administración pública (Consellería de Vivenda, Consellería de Pesca, Consellería de Economía, Vicepresidencia), utilizando solucións baseadas en software libre como o xestor de contidos OpenCMS e LifeRay Portal (IPECOS).

Actualmente é responsable da administración e mantemento correctivo e evolutivo da Plataforma de Xestión de Contidos da Web Corporativa da Universidade de Vigo.

RESUMEN DE CONTIDOS DA CONFERENCIA:

- Cómo están utilizando as organizacións os portais e qué valor para o negocio das mesmas están aportando. Características e tipos de portais.
- Planificar e desenvolver un portal: funcionalidades básicas, funcionalidades de administración e deseño, arquitectura, estándares, xestión de usuarios, usabilidade, accesibilidade, seguridade, etc.
- Cómo foron evolucionando as tecnoloxías de portais y cales son as solucións actuais no mercado.
- Ferramentas e opcións de implementación.